

A continuación se presentan unha serie de preguntas sobre aspectos destacados ou claves dos subtemas ABAU. O obxectivo destas preguntas é proporcionar unha guía para unha autoavaliación dos coñecementos no alumnado. Despois do seu estudo deberíades inquirirvos sobre se sodes capaces de responder as cuestións propostas. De non ser así, con calma e mediante unha nova lectura reflexiva ao subtema, tratar de contestar a aquelas que non puides contestar. Ser capaz de contestar a todas as cuestións implica que o subtema está entendido e traballado. So queda ser capaz de retelo na memoria para o día que toque demostralo nunha proba.

#### Preguntas de autoavaliación subtema 1.

Que significa o termo neolitización? Que cronoloxía manexamos para a Península Ibérica? Que mudanzas de tipo económico se producen nas comunidades humanas respecto ao Paleolítico? Motivado por esas mudanzas no modo de produción, que tipo de restos materiais podemos atoparnos nun xacemento neolítico? Que feitos de importancia acontecen nas comunidades humanas na Idade dos Metais? Como podemos deducir que se producen cambios sociais importantes? Que finalidade poderían ter as construcións megalíticas de finais do Neolítico e comezos do Calcolítico? Que tipo de crenzas poderían ter durante o Neolítico? Na produción pictórica rupestre, que diferenzas presenta a pintura neolítica respecto ao período do Paleolítico Superior? Por que a neolitización foi máis intensa en Andalucía e Mediterráneo? Indica que culturas son esas.

#### Preguntas de autoavaliación subtema 2.

Que interese poderían ter os pobos do Mediterráneo oriental na Península Ibérica? Que fundaron? onde? Onde ten lugar a cultura tartésica? Que restos indican que estamos ante unha cultura rica e florecente? Que bases económicas e estrutura social común caracteriza ás tribos da cultura íbera? Como eran os seus poboados? Como se denominan aos pobos que habitan as dúas mesetas? Que características reúnen? Como eran os poboados castrexos? Que evolución tiveron? Expón as actividades que se desenvolvían nos castros, en que etapa se produce a conquista romana deste territorio e que interese tería Roma en controlar estas terras?

#### Preguntas de autoavaliación subtema 3.

Cal é a causa da chegada dos romanos á península? Que interese podería ter Roma na progresiva conquista do territorio peninsular? Cales foron as fases do proceso de conquista? Que estratexias aplicou? Que implicou a romanización? Cales foron as zonas máis romanizadas da península? Que papel xogaron as *civitas* en todo isto? Que cidades fundaron neses territorios? Que evolución houbo na división territorial que Roma aplicou sobre a península? Cando se concedeu o dereito de cidadanía romana a toda Hispania? Cales foron os piares básicos da explotación económica de Roma sobre o territorio peninsular? Cales eran os principais produtos da economía romana en Hispania?

Preguntas de autoavaliación subtema 4.

Que papel cumprían os visigodos para Roma? En virtude dese papel, cando en que interveñen na península? Como se denomina o pacto que fan con Roma? Por que instalan a súa capital en Toledo despois de Toulouse (Tolosa)? Que tipo de monarquía é a que instauran os visigodos? Cal foi a importancia de Leovigildo? En que consiste o *Officium palatinum*? Cal é a importancia de Recaredo? Que importancia tiveron os Concilios? Que outros órganos serviron de auxilio aos monarcas para gobernar os seus territorios? Cal foi a importancia de Recesvinto e da súa obra xurídica?

Preguntas de autoavaliación subtema 5.

En que contexto chegan os musulmáns a Península ibérica? Cal foi a estratexia de conquista? Cal é a diferenza política substancial entre pertencer ao emirato de Damasco, ser o emirato de Córdoba, o califato de Córdoba e os reino de taifas? Que relación existe entre o avance dos reinos cristiáns e as taifas? Relaciona os seguintes elementos: caída de Toledo, almohades, Alarcos, Almorávides, Navas de Tolosa, Alfonso VI, Alfonso VIII. Como estaba composta a sociedade andalusí? En que se baseaba a súa economía?

Preguntas de autoavaliación subtema 6.

En que dous grandes ámbitos xeográficos agrupamos os reinos que se formarán na expansión dos reinos cristiáns? Cales son as dúas grandes etapas da súa expansión? Que é a presura? Que papel cumpre o val do Douro? Que importancia histórica tiveron Alfonso I e Alfonso II? Por que foi imporate a desintegración da Marca Hispánica carolinxia? Cales son os grandes reinos e cando se forman durante a etapa de maior expansión? Que relación gardan coas parias? Que son as cartas de poboamento e cal foi o papel das ordes militares? O reino nazarí de Granada supuxo o último escollo na expansión peninsular do Reino de Castela? Cando foi conquistado?

Preguntas de autoavaliación subtema 7.

Que características propias ten o réxime feudal na Península ibérica? En que consiste o vasalaxe? Cales son as características máis salientable da monarquía de tipo feudal? Como era a sociedade estamental? Por que afirmamos que é unha sociedade trinitaria? Que é un señorío de reguengo? E un xurisdiccional? Que é un manso e unha reserva? Que é o decimo? Que é un burgués? Por que son grupos marxinais os xudeus e os mudéxares?

Preguntas de autoavaliación subtema 8.

Que relación existe entre as malas colleitas baixo medievais e o impacto da Peste Negra? Esta crise demográfica debilitou ao feudalismo e favoreceu a creación de estruturas estatais? Que son os malos usos medievais? Que guerras civís destacan? Cal foi o seu resultado? Que conflitos sociais destacan? Que importancia tena Irmandade fusquenlla? Que provocou creación da Santa Irmandade? Cal foi o resultado da Revolta irmandiña?

Preguntas de autoavaliación subtema 9.

En que circunstancias acada o trono de Castela Isabel de Trastámara? En que ano herda o trono de Aragón Fernando? Como se chama o primeiro pacto de monarquía asociada europea asinado entre Isabel e Fernando? Que papel cumpre o tratado de Alcaçobas-Toledo? Por que afirmamos que os RR.CC son os primeiros monarcas modernos? Cales foron as súas reformas administrativas? Que consecuencias trouxo a unificación relixiosa? Que reinos peninsulares unificaron? Que son os privilexios forais?

Preguntas de autoavaliación do subtema 10.

Como é a herdanza territorial de Carlos de Habsburgo? Que significa que foi escollido emperador? Cales eran as preferencias de Carlos en canto a súa obra política? Como se financiou a carreira imperial? Cales foron os seus éxitos na loita pola hexemonía? E os seus máis notables fracasos? Cales son as grandes diferenzas entre o imperio de Carlos e o de Felipe II? A que se deben esas diferenzas territoriais? Cales foron os éxitos e os fracasos máis salientables do reinado de Felipe II? Cal é a relación entre o protestantismo e a armada invencible? Que papel cumpre América co orzamento imperial e as bancarrotas?

Preguntas de autoavaliación do subtema 11.

A quen denominamos os austrias menores? Por que afirmamos que as raíces da súa crise debemos buscalas no século XVI? Como inflúe a chegada masiva de prata americana na crise do século XVII? Que papel xoga a mentalidade dos estamentos privilexiados nisto? Que factores agravaron a crise demográfica? A que denominando triloxía do desastre? Como variou o comportamento demográfico na Monarquía hispánica?

Preguntas de autoavaliación do subtema 12.

Que é un valido e cales son os máis salientables? Cal é o ámbito cronolóxico da monarquía de Felipe IV? Que é o gran memorial? Cales eran os tres obxectivos da seu valimento? Que medidas tomou para poder cumprilos? Que relación existe entre o anterior e os privilexios forais? Cal é a orixe dos privilexios forais (noutro subtema)? Que é o mercantilismo? Que relación existe entre a Unión de armas e a independencia de Portugal? Por que podemos ver como o ocaso da hexemonía hispánica a Paz de Westfalia? Foron un éxito as medidas de Olivares? Tratarán de poñerse en funcionamento máis adiante? Por que afirmamos que foi un adiantado ao seu tempo e que relación terá isto coa monarquía absoluta?

Preguntas de autoavaliación do subtema 13.

Que significa que os sectores privilexiados eran rendistas? Por que afirmamos que posuían as características básicas do réxime feudal? Que é un señorío xurisdiccional? Que porcentaxe da poboación se dedicaba a unha economía agraria de subsistencia e en que

consistía esta? Que impacto tivo a chegada da pataca? Que relación existe entre os foros, as rendas, a fidalguía e os pazos? Estaba tecnificado o agro? E a pesca? A partir de que época se introducen melloras nas técnicas de pesca? A quen se deben estas melloras?

#### Preguntas de autoavaliación do subtema 14.

Por que o neto de Luis XIV pode reclamar a coroa española? De que familia era Carlos II? Que papel xoga o Tratado dos Pirineos? Que formou o bloque antiborbónico e por que o formaron? Por que afirmamos que a Guerra de Sucesión foi un conflito internacional pero tamén un conflito civil? Que territorios da Monarquía hispánica apoiaban a cada bloque? Que modelos políticos apoiaban cada candidato? Que relación existe entre a carreira imperial, a teoría do equilibrio continental e o Tratado de Ütrecht? A que se compromete Felipe de Anjou a cambio da coroa española? Que son os privilexios forais? Que relación teñen cos Decretos de Nova Planta?

#### Preguntas de autoavaliación do subtema 15.

Que son os privilexios forais? Que relación existe entre a abolición dos privilexios forais e o absolutismo en España? E cos Decretos de Nova Planta? Que papel xogan as leis de Castela en todo isto? Que relación existe entre a Lei Sálica e a morte de Carlos II? Por que non afectaron as provincias vascas e Navarra os Decretos de Nova Planta? Que medidas concretas se aplican para fortalecer o poder de Felipe V? Cal é a relación entre o carlismo e os privilexios forais? E co nacionalismo periférico decimonónico?

#### Preguntas de autoavaliación do subtema 16.

Que é o Despotismo ilustrado? Como se relaciona co reformismo borbónico? Que monarcas mellor o encarnan na Historia de España? Que papel terá Galicia no século XVIII? Que é a matrícula do mar e quen a fixou? Por que crecerá Ferrol nesta época? Que é a figura do intendente? Que papel se lle reserva a Galicia no fin do monopolio do comercio con América de Cádiz? Que e por que clausura o proxecto reformista? Chegaron os ingleses as costas galegas no século XVIII? Cando? Que ideas para Galicia tiña Benito Feijoo no seu ideario ilustrado? Ata cando dura o Reino de Galicia?

#### Preguntas de autoavaliación do subtema 17.

Cales e en que consisten os tres elementos clave do pensamento ilustrado que o levan a cuestionar as estruturas do Antigo réxime? Como limita o proxecto ilustrado a vertente española da mesma? Que relación existe entre o desenvolvemento técnico proposto na Enciclopedia, o desenvolvemento económico e o Despotismo ilustrado? Que é o regalismo? EN que consistiu o programa de Carlos III? Que é a fisiocracia e que relación teñen con ela Jovellanos ou Olavide? Que son os *novatores*? Que relación existe entre a Revolución francesa e a fin do Despotismo ilustrado en España?